

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés				
Materia	Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés			
Código	V01G230V01303			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Martínez Insua, Ana Elina			
Profesorado	Martínez Insua, Ana Elina			
Correo-e	minsua@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Cunha orientación práctica e centrada no uso da lingua, esta materia ten coma obxectivo a consolidación das competenzas lingüísticas e comunicativas a nivel avanzado superior, prestando especial atención ao aprendizaxe da gramática e vocabulario (Use of English: Grammar and Vocabulary) e ás destrezas de comprensión oral (Listening) e produción de discurso oral (Speaking). Os materiais teóricos e prácticos seguirán o nivel avanzado C1+ e nivel superior C2, según os estándares do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C12	Posuír unha ampla cultura
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C27	Capacidade de razoamento crítico
C30	Coñecemento de idiomas
D6	Capacidade de xestión da información
D9	Razoamento crítico
D10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Ampliar o repertorio léxico e gramatical en inglés a ámbitos más específicos, formais e informais.	A1 A4	C1 C4 C24 C25 C30	D6 D15 D23
Desenvolver a aprendizaxe autónoma na aplicación dos coñecementos léxicos e gramaticais a contextos orais (comprensión e producción de discurso oral).	A1 A2 A5	C1 C2 C4 C12 C18 C24 C25 C27 C30	D6 D9 D15 D17 D22 D23
Mellorar a capacidade de comprensión e expresión oral para a súa posterior aplicación ao exercicio profesional.	A1 A4	C1 C2 C4 C12 C25 C30	D6 D10 D15 D17
Fomentar o sentido de conciencia lingüística da lingua inglesa, os seus mecanismos gramaticais e léxicos e as súas formas de expresión.	A1 A5	C1 C4 C12 C18 C24 C27 C30	D6 D15 D22 D23

Contidos

Tema	
Use of English and Vocabulary	Use of English : - Inversion - Fronting - Participle clauses - Purpose and reason clauses - Concessive clauses - Adverbs / Adverbials - Subjunctive Vocabulary: - Phrasal verbs, prepositional phrases, collocations, idioms, etc. - English as an international language - varieties of English.
Listening	- Strategies: · Listening for general meaning and for specific information · Coping with unknown vocabulary · Coping with different accents - Listening practice: · Discussions · Monologues · Dialogues · Conversations · Interviews (TV, radio, web streaming, etc) Examination-type listening comprehension tasks at advanced/C2 levels - Cambridge Proficiency, IELTS, etc. All of the above touch on interesting and varied topics and are taken from various sources.

Speaking	Oral production practice and comprehension on a wide variety of topics. Class activities will aim to stimulate the practise of oral production through some of but not limited to the following: · Lively class and group discussions. · Class debates. · Developing and practising short monologues on societal issues. · Presentations. · Interviews.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	9	15	24
Presentación	4	4	8
Resolución de problemas de forma autónoma	6	10	16
Resolución de problemas	8	25	33
Traballo tutelado	4	16	20
Exame de preguntas obxectivas	6	10	16
Presentación	6	10	16
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	10	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia ao alumnado e orientación xeral sobre a mesma. Diagnóstico inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado e descubrir os seus intereses e motivacións. Explicación detallada do proceso de avaliación que se seguirá na materia.
Lección maxistral	Presentación dos contidos da materia relacionados co compoñente 'Use of English and Vocabulary'.
Presentación	Exposición por parte do alumnado, de maneira individual ou en grupo, dun tema relacionado cos contidos da materia ou dos resultados dun traballo supervisado polo profesorado.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución de exercicios relacionados cos contidos e destrezas traballados na materia e tomados de diversas fontes.
Resolución de problemas	Resolución de exercicios relacionados cos contidos e destrezas traballados na materia e tomados de diversas fontes.
Traballo tutelado	Preparación e deseño por parte do alumnado dunha presentación que garde relación cos contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Atención personalizada na aula, en titorías, ou por correo electrónico para a resolución de exercicios relacionados cos contidos impartidos na materia.
Traballo tutelado	Atención personalizada na aula, en titorías, ou por correo electrónico para a orientación e resolución de dúbidas relacionadas coas presentacións que deberá facer o alumnado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Exame de preguntas obxectivas	Avaliación da destreza de 'Listening' (comprensión oral) por medio de exercicios de resposta curta e tipo test.	35	A1 A5	C1 C2 C4 C12 C25 C30	D6 D15 D22

Presentación	Avaliación da destreza de 'Speaking' (producción oral) a través da exposición dun tema relacionado cos contidos traballados na materia.	25	A1 A2 A5	C1 C2 C4 C12 C18 C24 C25 C27 C30	D6 D9 D15 D17 D22 D23
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliación da destreza 'Use of English and Vocabulary' mediante diferentes tipos de exercicios nos que aparezan os contidos lingüísticos e comunicativos traballados na materia.	40	A1 A5	C1 C4 C12 C18 C24 C30	D6 D15 D22 D23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Consideracións xerais

A cualificación final da materia calcularase tendo en conta as destrezas traballadas ao longo do cuadrimestre e o peso de cada unha delas na cualificación final será:

- *Speaking*: 25%
- *Listening*: 35%
- *Use of English & Vocabulary:* 40%

Para superar a materia será imprescindible acadar unha **cualificación mínima de 5 puntos** como nota global, sendo **5 puntos a puntuación mínima requirida en cada un dos compoñentes ('Use of English and Vocabulary', 'Listening' e 'Speaking')**. Aquelas persoas que na primeira edición de actas obteñan unha cualificación inferior a 5 nalgún(s) dos compoñentes deberán repetir o(s) compoñente(s) correspondente(s) na segunda oportunidade para poder aprobar a totalidade da materia. De non superalos, deberán examinarse da totalidade da materia en cursos académicos posteriores.

O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

1ª OPORTUNIDADE

Existen dous sistemas de avaliación (continua e única) para superar a materia nesta primeira oportunidade e participar nun deles implica **a imposibilidade** de participar no outro.

a) Avaliación continua

O alumnado que opte por esta opción deberá entregar unha ficha cos seus datos de contacto e fotografía durante as **tres primeiras semanas do cuadrimestre**, ben sexa en formato papel ou mediante a plataforma de teledocencia. De non ser así, o profesorado asumirá que o alumnado escolleu a opción de avaliación única.

De igual maneira, será **imprescindible** a súa participación nas diferentes probas que se vaian realizando ao longo do cuadrimestre, así como a entrega das actividades que corresponda nas datas sinaladas. As probas nas que non se participe ou as actividades non entregadas no prazo estipulado conlevarán o abandono da avaliación continua. A realización dunha ou varias das probas parciais nas sesións docentes implica a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado. **Non se contempla o exame oficial da primeira edición de actas como exame de recuperación para aprobar as partes das destrezas suspensas na avaliación continua**; é dicir: o suspenso ou non entrega dalgunha proba da avaliación continua conleva a recuperación de toda a materia na 2ª edición de actas.

As probas de avaliación terán lugar en horario lectivo en datas anunciadas ao comezo do curso e con suficiente antelación. A cualificación final do alumnado que se acolla ao sistema de avaliación continua computarase tendo en conta o seguinte:

- **Use of English and Vocabulary (40%)**: dúas probas escritas de preguntas curtas e tipo test sobre as temáticas descritas na sección de Contidos. As datas exactas para cada unha destas probas será fixada e anunciada con suficiente antelación.

- **Listening (35%)**: unha proba final de preguntas curtas e tipo test que terá lugar nunha sesión das dúas últimas semanas do cuadrimestre. A data exacta será fixada e anunciada con suficiente antelación, en función dos horarios da materia.

- **Speaking (25%)**: o alumnado deberá preparar, baixo a supervisión do profesorado de prácticas, unha presentación que terá lugar nalgunha das sesións das últimas semanas do cuadrimestre. A data exacta será fixada e anunciada con suficiente antelación, en función dos horarios da materia.

b) Avaliación única

A avaliación única terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta da Facultade de Filoloxía e Tradución e deberá ser consultada polo alumnado na páxina web da Facultade.

A cualificación final do alumnado que se acolla a este sistema de avaliación única computarase en base ás cualificacións obtidas nesta proba única. A proba constará das 3 partes arriba mencionadas e o cálculo da cualificación realizarase seguindo os mesmos criterios establecidos para a avaliación continua. Téñase en conta que esta proba oficial establecida polo centro estará destinada **unica e exclusivamente** a aquelas persoas que non tomen parte en ningunha das probas de avaliación continua arriba mencionadas. **En ningún caso** debe entenderse como unha posibilidade de recuperación para aquelas persoas que, tendo participado na avaliación continua, non teñan superado a (totalidade da) materia.

2ª OPORTUNIDADE

A 2ª oportunidade terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta da Facultade de Filoloxía e Tradución, que deberá ser consultada polo alumnado na páxina web da Facultade.

A proba que o centro fixe oficialmente para o mes de xuño/xullo constará das partes necesarias para avaliar todas as destrezas (*listening*, *speaking* e *use of English and Vocabulary*). O peso de cada unha das destrezas na cualificación final será o mesmo que na 1ª oportunidade e, de igual maneira, para superar a materia será imprescindible acadar unha **cualificación mínima de 5 puntos** como nota global, sendo **5 puntos a puntuación mínima requirida en cada un dos compoñentes**.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Annette Capel and Wendy Sharp, **Objective Proficiency. Student's Book (ISBN: 978-1-107-61116-0)**, 2nd, Cambridge University Press, 2013

Mark Foley and Diane Hall, **MyGrammarLab. Advanced, C1/C2**, Pearson Education Limited, 2012

Bibliografía Complementaria

Peter Sunderland and Erica Whettem, **Objective Proficiency. Workbook with answers (ISBN: 978-1-107-61920-3)**, 2nd, Cambridge University Press, 2013

Malcolm Mann and Steve Taylore-Knowles, **Destination C1 and C2. Grammar and Vocabulary with answer key**, Macmillan, 2008

The Guardian, https://www.theguardian.com,

BBC World News, https://www.bbc.com/news/world,

BBC Podcasts, https://www.bbc.co.uk/sounds/podcasts,

BBC Sounds, https://www.bbc.co.uk/sounds,

El País English Edition, https://english.elpais.com,

CNN, https://edition.cnn.com,

Aljazeera, https://www.aljazeera.com,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma moderno: Idioma 1, IV: Inglés/V01G230V01403

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103
Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés/V01G230V01203

Outros comentarios

O traballo diario e autónomo do alumnado resulta imprescindible para seguir e superar a materia. Debe terse en conta que as horas de clase na aula non son máis que parte das horas totais de traballo necesarias para superar a materia; en ningún caso representan a totalidade de horas que o alumnado deberá adicarlle a esta materia. Neste sentido, é altamente recomendable que o material manexado polo estudantado non se limite ao visto nas sesións presenciais. Recoméndase adicarlle tempo á lectura de xornais, libros e revistas en lingua inglesa, ao visionado de vídeos, películas, series en lingua inglesa, etc. (ver bibliografía complementaria).

Cómpre recordar ao alumnado que deben respectar os dereitos de copyright.

É necesario o emprego da plataforma de teledocencia, a través da cal o profesorado proporcionará material e contactará co alumnado.